

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O MODELO FA701A E FA701B

(1a) Só a presentar por empresas. Escritura de constitución ou modificación debidamente inscrita no Rexistro Mercantil ou no rexistro que corresponda, de non ser sociedade mercantil.

(2ª) No caso de actuar por representación, escritura de poder notarial bastante para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil, ou no seu caso no Rexistro público que corresponda.

(3ª) Documento no que conste que o poder é declarado bastante por letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, no caso de que actuase en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

(4a) Escrituras que modifiquen datos da empresa como o obxecto, capital, domicilio, denominación social,.... Se se tivesen varias modificacións sobre o mesmo aspecto, remitirase só a última.

(5a) Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso en prohibición para contratar (segundo art. 85 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público) ás que se fan referencia no artigo 71 da mesma norma legal. Pode acceder a un modelo do documento que debe presentar asinado en: <https://www.conselleriadeconomia.es/es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/formularios>, ou [DECLARACION ART. 71 LCSP](#). Na tramitación en liña esta declaración deberá vir asinada electronicamente.

(6a) Certificado da situación no censo de actividades económicas da Axencia Tributaria. Unha vez inscrito deberá achegar anualmente o recibo de pago ou a declaración de exención.

(7a) Só para contratistas non españois de estados membros da U.E. ou signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo. Deberán acreditar, segundo o artigo 67.2 da Lei 9/2017 que, no caso de que a lexislación do seu Estado esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo, cumpran este requisito.

(8a) Só para empresas non comunitarias e das non asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo, informe de reciprocidade da Oficina económica e comercial de España no exterior, segundo o sinalado no artigo 68 da Lei 9/2017.

(9a) Só a presentar por empresas estranxeiras. Declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlle ao licitador.

NOTA IMPORTANTE:

Persoas xurídicas: Para axilizar os trámites, recomendase facer a presentación da solicitude xunto coa documentación nas oficinas dun rexistro público xa que determinados documentos deben presentarse en orixinal ou copia auténtica, en concreto as escrituras e o poder bastanteado. No Rexistro procederán á súa dixitalización e cualificación dos documentos o que evitará requirimentos posteriores.

Persoas físicas: Poderán presentar toda a documentación requirida por tramitación en liña lembrando que, a declaración de non atoparse incurso en prohibición de contratar debe estar asinado electronicamente.